

A historia da miña vida

Todo comezou cando cumprín 12 anos.

A miña vida era coma calquera outra, ata que un día todos os problemas caeron sobre as miñas costas. Non podía entender como algunhas persoas se queixan de todo e outras non teñen nada. Sentín que non tiña amigos porque só me miraban de esguello.

Despois veu a peor parte: coñecín a un grupo que me alegrou a vida, pero sempre había alguén que me criticaba por escoitar un tipo de música diferente. Todos os días sentábame preto da fiestra só para escagallar as follas. De estar tan mallada das críticas case remato con todo, pero pregunteime:

—Podo perder a vida por alguén que só quere chufarse de min?

Isto vai para todas as persoas que se senten mal consigo mesmas, e sei que algunhas me entenderán, e outras, non.

Minerva V.N.

1º ESO-B

O baleiro

Estou encerrado no meu cubículo. Teño sede, mais non podo saír do meu sitio. Estou mallado e sinto que cada lúa que pasa é cada vez máis pesada e sufocante, coma os pulmóns que sosteño mentres intento contar ata tres.

Os papeis do diario están escagallados por todo o cuarto. Miro de esguello a cama pedíndome que me deite xa, que esta noite tampouco terei a resposta sobre o meu baleiro.

Debería chufarme a min mesmo por soportar cada noite os gritos do camiño que percorrín, e agora maldígome cada vez que volvo a percorrelo.

O «baleiro» atravesa a miña dorsal ata afogarme en pesadelos e lembranzas do efémero e consumido pasado.

Ás veces tiro as follas do diario pola xanela pois penso que así me desprenderei do seu peso.

Quédome ficando nun recuncho revestido pola madeira e deixo que o tempo se derreta ata levarme ás pegañentas e constrictivas sabas.

Pero nunca saio desa habitación...

Marcos I. D.

4º ESO-A

A serea de lixo

Vouvos dicir unha cousa, aínda que, ao mellor, non ma ides crer.

Teño unha amiga serea, e o outro día estiven con ela. Levei unha lambetada e, cando a acabei, ía tirar o papel do envoltorio, por pouco máis, mállame. Eu non o vía tan mal ata que me contou unha historia. Díxome que ela antes podía chufar de casa ata que os seres humanos lla escagallaron ao tirar unha morea de lixo enriba. Tamén me contou que moitas tartarugas, golfiños... morrían pola contaminación.

Entón soou o espertador. Todo fora un pesadelo.

Cando cheguei a clase e un amigo meu tirou un papel ao chan, mireino de esguello e conteille todo o que a serea me dixera no soño.

Carla C. M.

1º ESO-A

De ilusión tamén se vive

Teño o futuro mallado de tanto mirar para el, as meixelas vermellas de tanto chorar e a mente en branco de tanto imaxinar.

Mais pouco queda por facer; se non hai futuro que esgallar, non hai presente que loitar.

Aínda que só sexa unha ilusión que vin de esguello, hai quen di que de ilusión se vive.

E se de algo podo chufar é de imaxinación.

Lía Y.V.

4º ESO-B

Unha historia e mais un can

Estaba mallada de tanto estudar. Esta semana tiñamos un exame moi importante de historia: unha parte teórica, e outra, a presentación dun traballo que eu xa tiña preparado dende cando nolo dixeran, e non deixalo todo para última hora.

Mañá sería o exame.

Eu non era a mellor en Historia; é máis, aprobaba polos pelos, pero estudara moito para este exame e tiña esperanzas.

Cando lin as preguntas, sabíaas todas, pero o profesor non paraba de mirarme de esguello e púxome moi nerviosa.

Ao día seguinte deron as notas: non paraban de chufar a miña, fora a mellor!

Só faltaba a presentación do traballo. Ao chegar á casa, fóronseme as alegrías todas: o meu can escagallárame o meu traballo!

Quedei moi triste. Esforzárame moito. Moitísimo.

De repente lembrei que tiña gardadas unhas fotos, e refíxeno a partir delas.

Cando o entreguei, felicítoume o profesor!

Sabela M.C.

1º ESO-B

O Antares

Unha mañá de verán atopábame eu no peirao de Espasante esperando as lanchas que viñan de faenar.

O primeiro en chegar foi *O Pipo*, desmallando o aparello que, ao parecer, viña cargado de xarda.

Pouco despois chegou Pataquiña, mallado de traballar toda a noite.

Non tardou nada en aparecer o *Sempre Cicles*, tamén cargado de peixe. Cando saltaron ao peirao os mariñeiros comezaron a chufar ao patrón que fora quen quixera largar por fóra das *Liceiras*, aínda que el os miraba de esguello porque estaban dicindo as marcas.

Ninguén se decatara, pero faltaba unha lancha, que xa asomaba a proa por fóra do espigón: era *O Antares*; escagallara o motor e viña remolcado por salvamento. Ao atracar saltou o Pelero a terra feito un raio para achegarse canto antes a Panchiño amañar a redutora.

Eu funme. Eles quedaron alí falando.

Bruno I.R.

4º ESO-A